


**FORUM**METROPOLITANO

**MÚSICA DE
CÁMARA
NO
FORUM**



**Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña**

ANO V - N.º 1

**PEDRO RODRÍGUEZ, violín
MIGUEL GÓMEZ, piano**

**O R G A N I Z A
A U L A D E M Ú S I C A D E C Á M A R A
C O N S E R V A T O R I O S U P E R I O R D E M Ú S I C A
A C O R U Ñ A**

**AUDITORIO FORUM
METROPOLITANO
LUNS, 6 de NOVIEMBRE
20:00 horas**

PROGRAMA

M. Á. GÓMEZ (n. 1990)	<i>3 Improvisacións</i>
F. CHOPIN (1810-1849)	<i>Fantasia-impromptu Op. 66</i>
S. RACHMANINOFF (1873-1943)	<i>Estudio op. 39, nº 2</i>
W. A. MOZART (1756-1791)	<i>Sonata para violín e piano en si bemol maior, K. 378</i> I. Allegro moderato II. Andantino sostenuto e cantabile III. Rondo

PEDRO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, violín

Comezou a estudar violín á idade de catro anos co profesor Jesús Fernández Llana na Coruña e continuou ata os doce. Desde entón estuda coa profesora Deborah Hamburger, actualmente violinista da Orquestra Sinfónica de Galicia. Pedro é membro da Orquestra Nova da Orquestra Sinfónica de Galicia desde 2001. Foi o membro máis novo, habendo pasado a proba de acceso á idade de once anos, cando o normal é de catorce en adiante.

Asistiu a diversos cursos, como o *“Curso de instrumentos de corda e música de cámara de Caja de Badajoz”*, coa profesora Nonna Chakmishian; un curso de violín coa profesora Keiko Wataya durante os *“V Encontros de Arte e Cultura”*, en Bilbao en 2004; o *“IX Curso internacional de perfeccionamento musical”* co profesor Rainer Sonne, en Oviedo en 2004; en xullo de 2005 asistiu á *“Internationale Sommerakademie Mozarteum”* en Salzburgo, co profesor Rainer Schmidt; e no pasado Agosto de 2006 asistiu ao *“X Litomyšl violin Course”* co profesor Milan Vitek, na República Checa.

Entre as súas actividades máis destacadas está un concerto de música de cámara con tres compañeiros da OJSG no Auditorio do Palacio da Ópera da Coruña, no que interpretaron o cuarto cuarteto de Haydn para cuarteto de cordas; unha clase maxistral co famoso violinista Vadim Repin na Sala de Cámara do Palacio da Ópera da Coruña, en novembro de 2003, tocando a Sonata *“Primavera”* de Beethoven para violín e piano; tres concertos en Asturias durante a *“XIV Semana de Música de Cajastur”*, en outubro de 2005, tocando a *Sarabanda* e *Giga* da Partita II para violín só de J. S. Bach, a sonata *“Primavera”* de Beethoven e o *Preludio* e

Allegro de Fritz Kreisler; e tamén un concerto coa orquestra do conservatorio en 2005 no Teatro Rosalía de Castro interpretando o *Preludio e Allegro* de Fritz Kreisler e a *Giga* da Partita II para violín só de J. S. Bach.

En agosto de 2005 gañou o segundo premio na categoría B (menores de 16 anos) do concurso nacional *“Villa de Llanes”*, sendo o único laureado da súa categoría.

MIGUEL ÁNGEL GÓMEZ GONZÁLEZ-VALLÉS, piano

Nace na Coruña en xullo de 1990. Aos seis anos recibe as primeiras clases de piano e solfexo das mans da súa nai. Aos oito anos accede ao grao medio no Conservatorio da Coruña coa nota máis alta (9,16). Con catorce anos finaliza o Grao Medio obtendo sobresaliente sempre en piano, música de cámara, solfexo e harmonía. Desde a infancia destacou a súa predisposición para a improvisación e a composición. Aos sete anos compón a súa primeira obra, que recibe premio honorífico no *Festival Kativoz* da Coruña. En 1999 outra obra súa é premiada no concurso *“Veo-Veo”* rexional co premio *Fundación Autor*. No ano 2000 o conxunto das súas obras gañan o premio *Fundación Autor* a nivel nacional. Agora ten case unha vintena de obras para piano e grupos de cámara, algunhas xa chegaron a ser interpretadas.

A súa traxectoria de piano ten varios premios: o 2º premio en 1999 e 1º no 2001 no concurso de piano nacional *“Santa Cecilia”*; 2º premio en 2004 no concurso *“Infanta Cristina”*, 1º premio (nivel infantil, 2004) e 2º premio (nivel xuvenil, 2006) e premio da Asociación Galega de Compositores no Concurso *“Asgaim”* galego. No 2005 foi o ganador da categoría xuvenil no concurso de piano do Club Náutico de Vigo. No 2006 recibiu o 1º premio no 8º Certame Nacional de Piano I.E.S. *“Río Órbigo”*, en León (2ª categoría).

Deu clases maxistras con Laszly Gyimesi, Alberto Atenelle e Nino Kereselidze.

Participou en moitos concertos como solista e en grupos de cámara. Improvisou en directo por espazo de media hora nun concerto na Coruña. Colaborou na interpretación da música da serie galega *“As leis de Celavella”*.

No 2005 inscribiuse na Escola Municipal de Música nun curso de alumnos avanzados de jazz, e foi con eles ao curso en Londres de *“Guildhall School of Music and Drama”*, recibindo a cualificación máis alta.

Foi aceptado para as clases activas do compositor García Abril en Santiago para o curso 2006-2007.

Está estudando con Irina Moryatova desde os sete anos.